Rede de Saúde

Sumario de recomendacións

PROCEDEMENTO DE ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN POR VÍA ÓTICA

FEMORA

Procedementos de enfermería: administración de medicación

XUNTA DE GALICIA

PROCEDEMENTOS DE ENFERMERÍA

Xunta de Galicia. 2016. Procedementos de enfermería

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:
http://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Publicacións-da-Organización

Esta obra distribúese cunha licenza Atribución–Non comercial-CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons (CC BY-NC-SA 4.0). Para ver una copia da licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.gl

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Sanidade

Servizo Galego de Saúde

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Santiago de Compostela 2016

DATA DE ELABORACIÓN: Setembro 2013.

EDITA: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

LUGAR: Santiago de Compostela.

ANO: 2016.

DESEÑO E MAQUETACIÓN: everis Spain, S.L.U.

AUTORES:

Grupo de traballo de elaboración de procedementos AP de Lugo:

- M.ª de los Ángeles Dono Díaz. Enfermeira. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

- M.ª Reyes González Rivera. Coordinadora de Enfermería do CS de Sarria. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

- Modesta Somoza Vázquez. Coordinadora Sintrom de AP de Lugo. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

- José Antonio Calvo Pérez. Enfermeiro do PAC de Sarria. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

- Marta Vázquez Núñez. Enfermeira do PAC de Sarria. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

- Isidoro Rodríguez Pérez. Enfermeiro do CS de Becerreá. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

- Victoria Vázquez Núñez. Enfermeira do CS de Becerreá. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

- Amelia Rodríguez Riveira. Enfermeira do CS de Viveiro. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

- M.ª Victoria Arriarán Pérez. Enfermeira do CS de San Roque. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

- Isabel Díaz Castro. Subdirectora de Enfermería de AP de Lugo. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

- Sonia Marina Arias Iglesias. Enfermeira de AP de Lugo. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

1 XUSTIFICACIÓN / 6

2 DEFINICIÓNS, ABREVIATURAS E PALABRAS CLAVE / 7

3 OBXECTIVO / 9

Obxectivo xeral /

Obxectivos específicos /

4 ÁMBITO DE APLICACIÓN /9

Diagnósticos de enfermería relacionados 9

Poboación diana 9

Profesionais aos que vai dirixido 10

Ámbito asistencial de aplicación 10

5 DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO /10

5.1 Medios materiais / 10

5.2 Procedemento / 10

5.3 Observacións / 11

5.4 Rexistros / 12

5.5 Avaliación e seguimento / 12

6 RESPONSABILIDADES / 12

7 BIBLIOGRAFÍA / 13

Bibliografía referenciada / 13

Bibliografía consultada / 14

1

XUSTIFICACIÓN

A finalidade deste procedemento é elaborar un documento que sirva de guía para os profesionais no que ten que ver coas actuacións que deben levar a cabo no que atinxe á administración de fármacos por vía ótica, ao adestramento do paciente e aos coidados no manexo dos dispositivos e dos aparellos necesarios. O que se pretende é que os profesionais administren de forma correcta a medicación ótica, de maneira que se reduza a variabilidade clínica incorporando as mellores prácticas na actividade asistencial.

Coa administración da medicación por vía ótica, o efecto é, ademais de local, analxésico, e remove de forma sutil e indolora as secrecións e os corpos estraños que poida haber.[1]

2 DEFINICIÓNS, ABREVIATURAS E PALABRAS CLAVE

Definicións/

Medicamento: substancias que se utilizan ou se administran para restaurar, corrixir ou modificar funcións fisiolóxicas do organismo ou para establecer un diagnóstico médico.[2]

Medicamento de uso humano: toda substancia ou combinación de substancias que presente propiedades para o tratamento ou a prevención de enfermidades en seres humanos, ou que se pode usar ou administrar a seres humanos. A súa finalidade é restaurar, corrixir ou modificar as funcións fisiolóxicas, cunha acción farmacolóxica, inmunolóxica ou metabólica, ou establecer un diagnóstico médico.[3]

Principio activo: toda materia, calquera que sexa a súa orixe —humana, animal, vexetal, química ou doutro tipo—, á cal se lle atribúe unha actividade apropiada —terapéutica[3]— para constituír un medicamento.

Excipiente: materia que, incluída nas formas galénicas, se engade aos principios activos ou ás súas asociacións para servirlles de vehículo, posibilitar a súa preparación e estabilidade, modificar as súas propiedades organolépticas ou determinar as propiedades fisicoquímicas do medicamento e a súa biodispoñibilidade.[3]

Forma galénica ou forma farmacéutica: a disposición á que se adaptan os principios activos e os excipientes para constituír un medicamento. Defínese pola combinación da forma en que o produto farmacéutico é presentado polo fabricante e a forma en que é administrado.[3]

Medicamento xenérico: todo medicamento que teña a mesma composición cualitativa e cuantitativa en principios activos e a mesma forma farmacéutica, e cuxa bioequivalencia co medicamento de referencia fose demostrada por estudos axeitados de biodispoñibilidade.[3]

Biodispoñibilidade: alude á fracción, á velocidade e a que doses un fármaco alcanza a súa diana terapéutica, o que implica chegar ata o tecido sobre o que realiza a súa actividade. Tómase como valor aproximado a concentración plasmática deste fármaco e compárase coa concentración plasmática que alcanza para ese mesmo preparado unha inxección intravenosa. Este cociente é ao que lle chamamos biodispoñibilidade.[4]

Vía de administración: ruta de entrada ou medio polo que os medicamentos son introducidos no organismo.[4]

Administración de medicamentos: darlle a unha persoa unha única dose de medicamento.[5]

Administración de medicamentos por vía ótica: introdución (instilación) dun fármaco en forma de gotas polo conduto auditivo.

Manexo de medicamentos: recepción, almacenaxe, manipulación, subministración, administración, dirección e monitorización de medicamentos.[5]

Monitorización de medicamentos: comprobación, avaliación, observación e rexistro da administración de medicamentos, incluídos os resultados terapéuticos dos medicamentos.[5]

Reacción adversa medicamentosa (RAM): calquera efecto nocivo, non desexado e non intencionado, dun medicamento que aparece a doses utilizadas en humanos con fins profilácticos, diagnósticos ou terapéuticos (OMS).

A toxicidade, os efectos secundarios e os efectos colaterais son tipos de RAM.

Evento adverso (EA): é a lesión ou o dano non intencional que se lle produce a un doente como resultado dunha asistencia sanitaria e non da enfermidade de base do doente.[4]

Evento adverso medicamentoso (EAM): calquera dano resultante da administración dun medicamento.

Erro de medicación: son incidentes evitables que ocorren cando aos pacientes se lles dan medicamentos erróneos, nunha forma ou dose errónea, nun momento inadecuado, e debido a un erro no proceso de prescrición, dispensa e administración.[6]

Abreviaturas /

AP: atención primaria.

CS: centro de saúde.

CDC: centros para o control e prevención das enfermidades.

EA: evento adverso.

EAM: evento adverso medicamentoso.

EOXI: estrutura organizativa de xestión integrada.

GACELA: *Gestión Avanzada de Cuidados de Enfermería Línea Abierta.*

HICPAC: Comité Asesor de Prácticas Saudables para o Control de Infeccións.

IANUS: historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde.

NANDA: *North American Nursing Diagnosis Association.*

OMS: Organización Mundial da Saúde.

PAC: punto de atención continuada.

PE: procedemento de enfermería.

RAM: reacción adversa medicamentos.

T.ª: temperatura.

Palabras clave /

Administración, ótico, medicamento.

3 OBXECTIVO

Obxectivo xeral /

Unificar e coordinar as actuacións na administración de medicamentos por vía ótica.

Obxectivos específicos /

1. Administrar con seguridade os fármacos a través da vía ótica.

2. Prever posibles complicacións derivadas da administración de fármacos por vía ótica.

4 ÁMBITO DE APLICACIÓN

Diagnósticos de enfermería relacionados

Diagnósticos NANDA:[7]

– 00004 Risco de infección.

– 00078 Xestión ineficaz da propia saúde.

– 00079 Incumprimento do tratamento.

– 00162 Disposición para mellorar a xestión da propia saúde.

Poboación diana

Este procedemento é de aplicación a todos os usuarios do Servizo Galego de Saúde que precisen a administración de medicación por vía ótica.

Profesionais aos que vai dirixido

Este procedemento é de aplicación aos profesionais pertencentes á rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Ámbito asistencial de aplicación

Este procedemento é de aplicación na rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde en todos os casos nos que o paciente precise administración de medicación por vía ótica.

5 DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO

5.1 Medios materiais /

- ☑ Medicación prescrita.
- ☑ Gasas estériles.
- ☑ Luvas non estériles.
- ☑ Soro fisiolóxico.
- ☑ Batea.

5.2 Procedemento /

1. - Comprobar a identidade do paciente, segundo o procedemento de aplicación no Servizo Galego de Saúde.
2. - Respectar a intimidade do enfermo e gardar a confidencialidade dos seus datos.
3. - Informar o paciente e/ou o coidador principal do procedemento que se ha realizar e, de ser posible, solicitar a súa colaboración, insistindo na súa utilidade, usando unha linguaxe comprensible e resolvendo as súas dúbidas e temores. No caso de pacientes pediátricos, explicarlles o procedemento aos pais *(grao B)*.
4. - Solicitar o seu consentimento de forma verbal, sempre que sexa posible.
5. - Identificar os profesionais sanitarios que van intervir no procedemento.
6. - Seguindo os cinco principios de administración da medicación, verificar o fármaco, a dose, a vía, a hora e o paciente correcto. Asegurarse de que non existe contraindicación ou alerxia ao fármaco.
7. - Comprobar a prescrición coa etiqueta do fármaco e que ambas as dúas estean claramente escritas. Verificar, ademais, a data de caducidade *(grao B)*.

8 - Asegurar que todo o equipamento necesario está á man.

9 - Realizar un lavado hixiénico das mans *(categoría IA)*.

10 - Poñer luvas.

11 - Colocar o paciente en decúbito lateral, sobre o lado contrario ao oído onde se instilase a medicación, ou sentado, coa cabeza inclinada cara ao lado oposto.

12 - Limpar o pavillón auricular cunha gasa humedecida non só para remover secrecións, senón para limpar de corpos estraños.

13 - Abrir o envase que contén o fármaco e deixar a tapa boca arriba, de maneira que non se contaminen os bordos.

14 - Aliñar o conduto auditivo estirando suavemente o pavillón da orella, nos adultos en dirección cara arriba e cara atrás e nos nenos cara abaixo e cara atrás.

15 - Instilar as gotas e deixar que estas esvaren pola parede do conduto auditivo. O conta-gotas non debe tocar o pavillón auricular.

16 - Pedirlle ao paciente que permaneza en decúbito lateral, de 5 a 10 minutos. Esta posición permite que o fármaco descenda polo conduto auditivo.

17 - Se houbese que administrar o fármaco en ambos os oídos, hai que facelo dunha maneira secuencial e deixar transcorrer 5 minutos entre as dúas administracións. Deste xeito, evítase a saída do medicamento e favorece que o oído externo se impregne adecuadamente.[8]

18 - Limpar en caso de que o oído rezume.

19 - Cerrar o frasco de modo aséptico, co fin de evitar que se produza calquera tipo de contaminación.

20 - Axudar o paciente a que adopte a postura previa.

21 - Quitar as luvas e realizar o lavado hixiénico das mans.

5.3 Observacións /

- Non administrar fármacos etiquetados incorrectamente.

- Antes de aplicar as gotas óticas, é imprescindible coñecer o estado da membrana timpánica, xa que se está perforada a medicación pasaría ao oído medio e poderíanse producir complicacións.[9]

- O fármaco ha de ter unha temperatura similar ao corpo para evitar que unha instilación fría provoque vertixe no paciente.[4,5] Se é necesario, entibie o fármaco á temperatura corporal, para o que pode introducir o frasco en auga morna ou gardalo no peto durante

30 minutos antes do procedemento. Compre salientar que unha instilación fría pode producir no paciente vertixe, náuseas e dor.[10]

- Unha vez administrado o tratamento, non se han de poñer gasas nin algodón no conduto auditivo para evitar que os apósitos absorban por capilaridade parte da medicación, o que suporía unha diminución da eficacia.[9]

- Anticiparse e tomar medidas para previr os movementos rápidos e inesperados do paciente durante a administración do fármaco e, no caso dos nenos, pedir a colaboración dos titores para inmobilizalos.

- Vixiar e informar o paciente da necesidade de comunicar calquera signo relacionado coas posibles complicacións.

- Se é a primeira vez que se administra un medicamento, estea alerta; en especial, nos casos de hipersensibilidade coñecida a outros fármacos.

- Desbotar a primeira gota ou porción de pomada, antes de instalar o tratamento.

- Se nalgún momento se toca o oído ou o pavillón auricular co aplicador do medicamento, hai que consideralo contaminado e desbotalo.

- Con respecto aos preparados óticos, é conveniente sinalar que o seu período de caducidade unha vez abertos é dun mes, salvo aquelas fórmulas maxistrais cuxa caducidade a indicará o Servizo de Farmacia, que debe constar claramente na etiquetaxe.

5.4 Rexistros /

Realizaranse no aplicativo informático Gacela, no Ianus, na folla de enfermería ou en calquera outro sistema de rexistro co que conte a unidade.

Deberase anotar o medicamento administrado, a dose, a hora e a resposta do paciente, así como os eventos adversos e/ou os efectos secundarios, se os houbese. No caso de non administrar algún medicamento, anote o motivo.

Rexistrar no plan de coidados do paciente as accións derivadas do procedemento.

5.5 Avaliación e seguimento /

Este documento será actualizado no prazo de cinco anos ou cando a evidencia científica poida afectar o recollido no procedemento.

6 RESPONSABILIDADES

As accións derivadas da posta en práctica deste procedemento son responsabilidade do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde. A dispoñibilidade do procedemento e

das ferramentas necesarias para a súa aplicación na práctica asistencial son responsabilidade da dirección do centro sanitario.

7 BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía referenciada /

1. Kozier, Barbara, Fundamentos de enfermería: conceptos, proceso e práctica, 7.º ed., vol. 1, Madrid, España; McGraw-Hill; Interamericana de España, 2005. Clínica Universitaria. Universidade de Navarra.

2. Medicamento. Wikipedia, a enciclopedia libre. Dispoñible en: *http://es.wikipedia.org/wiki/Medicamento*.

3. Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

4. Hospital Juan Ramón Jiménez. Servizo de Farmacia Hospitalaria. Guía para a administración segura de medicamentos vía parenteral. [Acceso 12 de marzo de 2013]. Dispoñible en: *http://www.Saúdeinnova.com/communities/seguridad/docs/download/Medicamentos/Gu%C3%ADa%20de%20administraci%C3%B3n%20segura%20de%20medicamentos%20via%20parenteral.pdf*.

5. Best Practice. Administración e subministración de medicamentos por enfermeiras en zonas rurais ou illadas. Reproducido do Best Practice 2000; 4(5):1-6. ISSN 1329-1874. Actualizado o 30/3/2007.

6. Best Practice. Estratexias para reducir os erros de medicación en persoas maiores. Reproducido del Best Practice 2009; 13 (2): 1-4. Edición: 9/2/2009.

7. NANDA Internacional. Diagnósticos enfermeiros: Definicións e clasificación 2009/11. Editado por T. Heather Herdman. Elsevier. 2010.

8. Botella Dorta, C. Administración de medicamentos por vía ótica (monografía en internet). Actualizado o 3/1/2005, citado o 30/11/2006). Dispoñible en *http://.fisterra.com/material/técnicas/via otica.pdf*.

9.Dispoñible en *www.slideshare.net/sanchezely* 14/via/otica [Última consulta: 14/11/2013].

10. Guía para a administración segura de medicamentos. Servizo de Farmacia Hospitalaria. Unidade de Formación Continuada de Enfermería. Hospital Juan Ramón Jiménez,

Huelva. Servizo Andaluz de Saúde. Consellería de Saúde. Setembro de 2009. [Última consulta: 13/3/2013]. Dispoñible en: *http://www.codamedver.gob.mx/pdf/guiadmon-med.pdf*.

Bibliografía consultada /

- Chast, F. Vías de administración dos medicamentos. Enferm. científ. 1982; 3: 10-14.

- Guía para a administración segura de medicamentos. Dirección de Enfermería. Hospital Universitario Reina Sofia. Córdoba. 2001. Documento electrónico. Dispoñible en: *http://www.medicinainformacion.com/enfermeria-libros.htm*.

- Kirton, C. Preparación da medicación para a súa administración. En: Perry, A. G., Potter, P. A., editores. Enfermería clínica: técnicas e procedementos. 4.ª ed. Madrid: Elsevier España, SA. 2003, páx. 569-581.

- Smith, D. A., Instilación de medicamentos óticos. En: ProehL, J. A., Enfermería de urxencias: técnicas e procedementos. 3.ª ed. Madrid, Elsevier España, SA, 2005, páx. 730-731.

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

galicia

Servizo Galego de Saúde

Asistencia Sanitaria

Procedementos

67

D

FEMORA

XUNTA DE GALICIA